

9. CONCRECIÓN DO CURRÍCULO

9.1. Adecuación dos obxectivos xerais de etapa ao contexto do centro

O I.E.S. Lama das Quendas respectará os obxectivos xerais establecidos para cada etapa educativa, segundo a normativa.

9.1.1. Educación secundaria obrigatoria.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.



m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

9.1.2. Bacharelato.

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

b) Consolidar unha madureza persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.



o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

9.2. A contribución á adquisición das competencias clave

As competencias clave refírense aos coñecementos, destrezas e actitudes do alumno:

- **Os coñecementos:** Son a experiencia vividas, os feitos asimilados, a información que xa procesamos. É a base para a comprensión de novas ideas e teorías.
- **As destrezas:** Son as capacidades que ten cada persoa para realizar unha tarefa determinada con facilidade. Así como a forma de empregar o que se sabe para resolver situacións do momento.
- **As actitudes:** Describen o pensar, a forma de razoar e o comportamento que se xera fronte a situacións.

Existen un total de **8 competencias** clave:

- a) *Competencia en comunicación lingüística (CCL).*
- b) *Competencia plurilingüe (CP).*
- c) *Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).*
- d) *Competencia dixital (CD).*
- e) *Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).*
- f) *Competencia cidadá (CC).*
- g) *Competencia emprendedora (CE).*
- h) *Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).*

Todas as competencias teñen o mesmo nivel de importancia e valor. Cada unha é complemento da outra e entrelázanse para formar un estudante audaz.

Polo tanto, desde o noso centro debemos contribuír a:

- Adaptar o proceso da ensinanza-aprendizaxe á sociedade actual, en continuo cambio.
- Transformar o concepto tradicional da ensinanza baseado na adquisición de coñecementos nun concepto moderno de aprendizaxe baseado na capacidade de resolver situacións ao longo da vida.

Para elo haberá que tomar unha serie de medidas para que o alumnado adquira estas competencias. Por un lado, mediante a contribución que cada materia faga a través das súas programacións didácticas, e por outro lado, tomando medidas non curriculares relacionadas coa organización e funcionamento do centro, o plan de acción tutorial, o plan de convivencia, a planificación das actividades extraescolares e complementarias, a relación coas familias, etc...



9.3. Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Un obxectivo fundamental do noso centro debe ser o exercicio da educación entendida como un proceso de maduración humana, que estimule o interese polo estudio e o espírito de superación, e que fomenta a integración social e a realización individual, tanto intelectualmente como laboral dos/as alumnos/as.

Polo tanto debemos educar na responsabilidade e entender a dignidade humana como un valor guía que permita elaborar un modelo de vida que facilite niveis de felicidade persoal e o exercicio dunha cidadanía comprometida.

O noso alumnado debe ser capaz de ser responsable nas súas tarefas diarias e obter unha autodisciplina, sabendo distinguir entre o deber e o pracer para, deste xeito, poder integrarse con menos dificultade no mundo adulto. Tamén é básico que os/as alumnos/as aprendan a ser conscientes da importancia de ter coidado do corpo e das repercusións negativas que ten para a vida diaria a despreocupación da propia saúde.

É importante tamén que o alumnado teña moi presente o concepto de civismo, a importancia de cumprir as normas sociais, e que o apliquen no seu día a día, xa sexa na relación con outras persoas ou no respecto que lle deben ter ao medio ambiente, de xeito que participen na sociedade tratando de melloralala.

Outro aspecto a destacar é o do respecto, e polo tanto os/as nosos/as alumnos/as deben respectarse a si mesmos e aos demais, xa que deste xeito eles mesmos tamén serán respectados. Deben ter moi claro que as diferenzas entre persoas deben ser sempre respectadas, xa que ofrecen múltiples ensinanzas e axudan á formación das persoas.

Por último, debe destacarse a importancia de saber situarse no lugar das outras persoas. Se o alumnado é capaz de conseguir entender as emocións dos demais e de conseguir aprender a reprimir as súas propias reaccións negativas, será tamén capaz de manter unha boa convivencia, a cal axudará a que a vida diaria sexa máis fácil.

Polo tanto, desde os diferentes departamentos didácticos e a través das materias debemos incorporar diferentes elementos transversais, entre os que estarán:

- **Tratamento e fomento da lectura:** Desde as diferentes materias, e tendo en conta o Plan lector do centro, intentaranse levar a cabo propostas de traballo onde xurdan procesos implicados na competencia lectora.
- **Expresión oral e escrita:** Promoverase a resolución das tarefas de clase e elaboración de documentación, utilizando un vocabulario correcto e axeitado, reforzando o vocabulario propio de cada materia. Tamén se traballarán técnicas de comunicación de ideas, e exposición oral das resolucións dadas a determinadas tarefas por parte do alumnado.
- **Competencia dixital:** Nas materias fomentarse a capacidade do alumnado de poñer en práctica coñecementos, habilidades e actitudes á hora de acceder á información, construír con ela

coñecementos propios, expresala e difundila, producindo documentos persoais e utilizando para iso medios dixitais. Desde os diferentes departamentos didácticos contribuírse tamén ao desenvolvemento do Plan Dixital do centro.

- **Fomento da convivencia no centro:** Nas distintas materias, e tendo en conta as Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia do centro, intentarase contribuír ao labor de concienciación sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar que permita unha mellor relación ensinanza-aprendizaxe.

- **Educación emocional e en valores:** Será obxectivo en todas as materias transmitir unha serie de valores ao noso alumnado para que os apliquen á súa vida cotiá (aprender a ser responsable, respectuoso/a, empático/a, ...).

- **Igualdade de xénero:** Intentarase concienciar ao alumnado para que actúe de maneira crítica ante as situacións de desigualdade que perciba no seu contorno e fóra del, e para que recoñeza as relacións interpersoais e sociais desde a natural diversidade de xénero, sexo e orientación sexual, como parte dunha realidade plural e enriquecedora.

- **Fomento do proxecto lingüístico do centro:** Respectarase o establecido no proxecto lingüístico do centro, colaborando nas actividades organizadas para a dinamización da lingua galega.

9.4. Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

O uso das TIC será o recurso didáctico de referencia, e polo tanto, o modelo metodolóxico principal que se intentará aplicar nas diferentes materias será o denominado “*Flipped Classroom*” (Clase invertida), de maneira que o profesorado utilizará materiais e recursos de creación propia e recursos educativos abertos seleccionados de internet ou de outras fontes, favorecendo unha educación individualizada e personalizada coa utilización de ferramentas TIC. Este modelo complementarase co de “*Aprender facendo e ensinando*”, onde o alumnado construírá o seu coñecemento facendo cousas con outros (traballo colaborativo), a partir da experiencia e a exploración, do ensaio e erro, da análise e a execución. Pódese dicir que se trata de converter a clase nun espazo para realizar as tarefas, mediante un traballo en equipo ou individualmente, dirixido polo profesorado. Previamente, e despois dunha explicación do profesorado, o alumnado aprende ou visualiza o contido a través de videotutoriales, documentos escritos, ligazóns de internet, referencias do libro de texto, etc.

Para a posta en práctica desta metodoloxía utilizarase a aula virtual (do centro ou de Edixgal, segundo corresponda), que ofrece un amplo abanico de posibilidades, permitindo desde algo básico como un repositorio de recursos para o alumnado, ata un uso máis completo como espazo de aprendizaxe (formación en rede que permite ao alumnado interactuar entre si, acceder aos contidos, realizar tarefas e actividades con seguimento do profesorado, tanto na aula presencial como virtual).

Ao longo do curso poderanse levar a cabo diversos tipos de actividades:

- **Actividades de presentación-motivación:** Para introducir ao alumnado no tema que se aborda e espertar o seu interese sobre os contidos das diferentes unidades didácticas, poderá establecerse un pequeno debate a partir dalgún artigo de prensa, noticia de actualidade, etc., relacionado co tema a

tratar, realizar unha tormenta de ideas con preguntas abertas ou analizar e comentar un vídeo relacionado co tema.

▪ **Actividades de avaliación de coñecementos previos:** Para obter información acerca do que sabe e que procedementos, destrezas e habilidades ten desenvolvidas o alumnado sobre un tema concreto, pode realizarse unha tormenta de ideas sobre os principais conceptos da unidade, ou un “*test de coñecementos previos*” co que o profesorado pode facerse unha idea de cada alumno/a e da clase en xeral. Non se trata de poñer unha cualificación ao alumnado, senón de proporcionar ao profesorado información que necesita para favorecer aprendizaxes significativas e funcionais.

▪ **Actividades de desenvolvemento dos distintos contidos:** Coa finalidade de que o alumnado adquira novos coñecementos, empregaranse varios métodos:

- *Método dogmático-maxistral:* Para introdución a un tema ou unidade, exposición de temas puntuais ou propostas de técnicas de traballo.
- *Método histórico:* Para un breve estudio dun concepto a través do tempo.
- *Método de proxectos:* Para a realización dun traballo concreto, incluíndo a fase de deseño, planificación e elaboración final.

▪ **Actividades de consolidación:** Para que o alumnado contraste as novas ideas coas previas e aplique as novas aprendizaxes, realizará actividades nas que se traballarán un conxunto de coñecementos, capacidades e actitudes (competencias clave) relacionados coa unidade didáctica correspondente.

▪ **Actividades de síntese-resume:** Para que o alumnado estableza a relación entre os distintos contidos aprendidos, así como contrastalos cos que xa tiñan, poden elaborar mapas conceptuais sobre os contidos da unidade ou elaborar un resume.

▪ **Actividades de reforzo:** Para o alumnado que non alcance os obxectivos ou que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento deseñaranse actividades destinadas a desenvolver os contidos de reforzo.

▪ **Actividades de ampliación:** Para o alumnado que teña un ritmo máis rápido de aprendizaxe realizaranse actividades como a procura de información sobre algún dos contidos dunha unidade didáctica en outras fontes das proporcionadas de xeito ordinario na aula.

A participación do alumnado poderase potenciar nas diferentes materias mediante a exposición de traballos, a resolución colaborativa de problemas, a utilización colectiva de recursos virtuais ou a procura e a análise de información en internet, aspectos que tamén favorecen a propia aprendizaxe.

9.5. Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

O centro dispón dunha aula multimedia con 16 ordenadores, unha aula de informática con 15 ordenadores, un laboratorio de idiomas equipado con capacidade para 30 alumnos/as, e unha biblioteca escolar con 10 ordenadores. Nas aulas de E.S.O. encóntranse os recursos do proxecto E-DIXGAL, e o resto de aulas do centro dispoñen de encerado dixital interactivo (EDI). Isto supón que todo o profesorado debe prestar especial atención a que se respecten as normas en canto ao coidado do material e instalacións do centro.

Os espazos comúns, como poden ser a biblioteca, a aula multimedia, o salón de actos, xunto cos seus recursos técnicos (ordenadores, videoproxectores, etc.), estarán á disposición de toda a comunidade educativa, e para a súa utilización deberase cubrir unha táboa de reserva que se elaborará por trimestre.

A aula multimedia considerárase como un espazo común e para utilizala haberá que reservala nunha táboa trimestral. Non obstante, o feito de que todo o alumnado de ESO dispoña dun portátil, debido ao proxecto E-DIXGAL, fai que esta aula sexa case de uso exclusivo para o alumnado de Bacharelato ou ESA. Sería importante que o profesorado conciba este espazo, non coma un aula de informática, senón como un lugar onde se combine o traballo cos ordenadores co traballo típico dun aula normal, xa que a disposición do mobiliario deste aula así o aconsella.

Os medios técnicos situados nas aulas ordinarias poderán ser utilizados polos/as profesores/as cando impartan clases nelas. En cada aula existirá un armario onde se gardarán o ordenador portátil, o mando do proxector e calquera outro material que se considere oportuno. Eses armarios terán a mesma chave, da cal poderá ter copia todo o profesorado que o desexe. É moi importante que o profesorado vele polo correcto uso deste material, así como que vixíe que o alumnado o respecte e o considere como algo propia da súa clase.

Aquelas aulas específicas de cada materia (música, idiomas, debuxo, informática, pavillón, etc.), salvo excepcións, serán de uso exclusivo do departamento correspondente. Non se poderá facer gardas nestas aulas, senón que o alumnado, caso de faltar o profesor ou profesora da materia, deberá permanecer na súa aula de referencia, e caso de non ser posible, noutro espazo habilitado.

Calquera problema que exista no manexo dos recursos T.I.C. ou nos espazos onde se encontran estes recursos será comunicado ao responsable das T.I.C. do centro, e a ser posible, deberase comunicar por escrito mediante o impreso correspondente, ou tamén ao responsable do proxecto E-DIXGAL, no caso de que a incidencia estivera relacionada con este proxecto.

Seguindo o establecido no plan dixital do centro, intentarase potenciar o uso da aula virtual/E-DIXGAL en todas as materias do centro, de maneira que os recursos didácticos utilizados nestas aulas virtuais poidan ser compartidos por todo o profesorado, dun curso para outro.

En canto á compra de material ou recursos didácticos para os departamentos, as necesidades poderán ser manifestadas nas reunións da comisión de coordinación pedagóxica. Cada departamento terá un orzamento anual aprobado no Consello Escolar en xaneiro de cada ano, para compra de material. A xestión da compra deste material farase en coordinación co secretario ou coa secretaria do centro.

9.6. Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

No I.E.S. Lama das Quendas poderanse cursar as seguintes ensinanzas en réxime ordinario:

- *Educación inicial básica para adultos (EBI).*
- *Educación secundaria para adultos (ESA).*
- *Educación secundaria obrigatoria (ESO).*
- *Bacharelato, nas modalidades de Ciencias e Tecnoloxía, e Humanidades e Ciencias Sociais.*

No caso ESO ofertaranse nos catro cursos todas as materias que permite a lexislación vixente, tanto as obrigatorias como as opcionais, non existindo itinerarios.

Por outro lado, os **dous períodos de libre disposición de centro en 1º e 2º curso da ESO**, utilizaranse para incrementar un período lectivo as materias de **Educación Física e Educación Plástica, Visual e Audiovisual**, en primeiro curso, e as materias de **Educación Física e Música, no segundo curso**.

Para as dúas modalidades de Bacharelato ofertaranse nos dous cursos todas as materias obrigatorias, de modalidade e optativas que permite a lexislación vixente, non existindo itinerarios.

Tanto na ESO como no Bacharelato, unha vez matriculado o alumnado, só se limitará a elección de materias cando haxa un número insuficiente deste para algunha das materias, segundo os criterios que determine a consellería con competencias en materia de educación, e que terán en conta o carácter específico dos ámbitos rurais.

Tamén se ofertará polas tardes ensinanzas de inglés dentro do programa CUALE, nas modalidades A1, A2, B1 e B2, para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado, como preparación para as probas de certificación dos niveis das ensinanzas especializadas de idiomas.

Por último, para adultos o centro oferta a ensinanza non regrada “*Galego e castelán para inmigrantes*”. Este tipo de ensinanza aborda contidos e habilidades lingüísticas de grande interese para persoas inmigrantes, que non buscan á obtención dun título académico, xa que moitos xa o teñen, senón un coñecemento das nosas linguas.

9.7. Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Considéranse **actividades complementarias** as organizadas polo centro durante o horario lectivo, que formando parte das programacións didácticas, teñen un carácter diferenciado das propiamente lectivas polo momento, espazos ou recursos que utilizan.

Todo os criterios para a organización de actividades complementarias no centro están recollidos no **punto 3.8. das Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia do centro (NOFC)**, as cales están publicadas na páxina web do centro (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamaquendas>).

9.8. Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

O alumnado que supere un curso con materias pendentes na Educación Secundaria Obrigatoria, deberá ter un procedemento de recuperación establecido na programación de cada materia pendente.

É importante indicar que para unha materia de 4º de ESO, este apartado non procede, xa que o alumnado que titule xa non levará ningunha materia pendente.

Polo tanto na programación desas materias existirá un plan de reforzo destinado á súa recuperación e á súa superación. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) *Identificación da alumna ou do alumno.*
- b) *Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.*
- c) *Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.*
- d) *Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.*
- e) *Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.*
- f) *Tarefas para realizar, coa debida temporalización.*
- g) *Seguimento e avaliación.*
- h) *Acreditación da información á familia.*

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación.

Ese plan de reforzo deberá ser entregado ás familias ou á persoa titora legal durante o mes de outubro, para o seu coñecemento.

Para o alumnado dos programas de diversificación curricular (3º ou 4º curso de ESO) non hai que elaborar este plan para as materias de Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Lingua estranxeira (Inglés) e Xeografía e Historia, caso de ter algunha ou algunhas pendentes de cursos anteriores. Quedarían superadas se aproban o ámbito correspondente.

No caso do Bacharelato, para as materias pendentes de 1º curso, non existe ese plan de reforzo, pero si hai que establecer na programación correspondente, o procedemento para que o alumnado recupere a materia suspensa. Ademais, débese ter en conta que en Bacharelato existen dúas convocatorias para poder superar as materias pendentes.

9.9. Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permaneza un ano máis no mesmo curso debe seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaboraráo o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) *Identificación da alumna ou do alumno.*
- b) *Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.*
- c) *Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.*
- d) *Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.*
- e) *Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.*
- f) *De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.*
- g) *Acreditación da información á familia.*

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Ese plan se reforzo deberá ser entregado ás familias ou á persoa titora legal durante o mes de outubro, para o seu coñecemento.

9.10. Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

9.10.1. Educación secundaria obrigatoria.

9.10.1.1. Promoción.

Finalizada a avaliación final, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

O equipo docente do I.E.S. Lama das Quendas, como norma xeral, tamén decidirá a promoción de curso, sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:

- a) *A media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias matriculadas é igual ou superior a cinco.*
- b) *A suma dos períodos lectivos semanais das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non é superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.*
- c) *O equipo docente considera que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte. Neste sentido, con carácter xeral, o equipo docente, sen prexuízo das súas competencias, entenderá que non será posible a promoción en calquera dos seguintes casos:*
 - *O alumno ou a alumna ten tres materias suspensas, e son as instrumentais: Matemáticas, Lingua Galega e Literatura e Lingua Castelá e Literatura.*
 - *O alumno ou a alumna ten catro materias suspensas, das cales hai dúas instrumentais das indicadas anteriormente.*
- d) *O equipo docente considera que ten expectativas favorables de recuperación. Non obstante, o equipo docente, sen prexuízo das súas competencias, considerará descartada esta situación en calquera dos seguintes casos:*

- *O alumno ou a alumna ten só catro materias suspensas, pero a media das catro é inferior ou igual a 3.*
- *O alumno ou a alumna ten cinco ou máis materias suspensas, contando as pendentes doutros cursos.*
- e) *O equipo docente considera que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.*

Sen prexuízo do establecido nos apartados anteriores, o equipo docente poderá valorar a conveniencia da promoción en situacións excepcionais, como por exemplo, o padecemento dunha enfermidade grave, situacións de acoso escolar ou de violencia de xénero no contexto familiar, etc., sempre en cando media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias matriculadas sexa igual ou superior a cinco.

9.10.1.2. Titulación.

Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a titulación do alumnado. Para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria requirírase ter avaliación positiva en todas as materias ou ámbitos.

Ademais do caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título, sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:

- a) A media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias matriculadas é igual ou superior a cinco.*
- b) O alumno ou a alumna adquiriu as competencias establecidas.*
- c) O alumno ou a alumna alcanzou os obxectivos da etapa.*

9.10.2. Bacharelato.

9.10.2.1. Promoción.

As alumnas e os alumnos conseguirán a promoción ao segundo curso de Bacharelato cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo. En caso contrario, deberá repetir o curso na súa totalidade, matriculándose en todas as materias de primeiro curso.

O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias avaliadas negativamente en primeiro de Bacharelato deberá cursalas ao longo do curso. Os departamentos didácticos organizarán as actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

Os alumnos e as alumnas que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgúns materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas, ou optar por repetir o curso completo.

9.10.2.2. Titulación.

Para obter o título de bacharel será necesario ter avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de Bacharelato.

Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel para o alumnado que supere todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

- a) *O alumno ou a alumna alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.*
- b) *Non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte do alumno ou da alumna na materia.*
- c) *O alumno ou a alumna presentouse ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.*
- d) *A media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas, que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata, é igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.*

A nota media do Bacharelato será a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.

9.11. Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

9.11.1. Criterios para a concesión de matrícula de honra en 4º de E.S.O.

O alumnado que despois da avaliación final do cuarto curso, obtivese unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de “*Matrícula de Honra (MH)*”. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado en 4º de ESO.

En todo caso, cando o total de alumnado matriculado en 4º de ESO sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

Se unha vez celebradas as sesións de avaliación final existe algún empate entre os alumnos e as alumnas que optan á cualificación de “*Matrícula de Honra*” e non se lles puidese outorgar a devandita cualificación a todos eles, o profesorado de 4º de E.S.O. decidirá o alumnado ao que se lle concede esta “*Matrícula de Honra*” segundo os seguintes criterios que se aplicarán seguindo esta xerarquía:

- a) *Maior nota media no expediente de 3º de E.S.O.*
- b) *Maior nota media no expediente de 2º de E.S.O.*
- c) *Maior nota media no expediente de 1º de E.S.O.*
- d) *Criterios socioeconómicos da familia (familias monoparentais, membros da unidade familiar con discapacidade, ...).*

No caso de que persistise o empate, procederáse ao sorteo público ao día seguinte hábil de celebrarse as sesións de avaliación final

9.11.2. Criterios para a concesión de matrícula de honra en 2º de bacharelato.

O alumnado que despois da avaliación final ordinaria de 2º de bacharelato obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos, poderá recibir a mención de “*Matrícula de Honra (MH)*”. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra.

Se unha vez celebradas as sesións de avaliación final existe algún empate entre os alumnos e as alumnas que optan á cualificación de “*Matrícula de Honra*” e non se lles puidese outorgar devandita cualificación a todos eles, o profesorado de 2º de bacharelato decidirá o alumnado ao que se lle concede esta “*Matrícula de Honra*” segundo os seguintes criterios que se aplicarán seguindo esta xerarquía:

- a) Maior nota media nas materias de comúns de 2º de bacharelato.
- b) Maior nota media nas materias troncais de modalidade de 2º de bacharelato.
- c) Maior nota media no expediente de 1º de bacharelato.
- d) Maior nota nas materias específicas e de libre configuración de 2º de bacharelato.
- e) Criterios socioeconómicos da familia (familias monoparentais, membros da unidade familiar con discapacidade, ...).

No caso de que persistise o empate, procederase ao sorteo público ao día seguinte hábil de celebrarse as sesións de avaliación final.

9.12. As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Os diferentes departamentos do I.E.S. Lama das Quendas deberán seguir o seguinte protocolo á hora da elaboración das distintas programacións didácticas:

- Cada un dos departamentos didácticos debe elaborar a programación de cada unha das materias ou ámbitos que teña asignados. A xefatura de cada departamento deberá coordinar e responsabilizarse de que o profesorado desas materias ou ámbitos elabore a programación didáctica a través da aplicación informática PROENS.
- As programacións deberán estar pechadas e postas en supervisión do equipo directivo antes do comezo das actividades lectivas de cada curso escolar.
- Posteriormente o equipo directivo deberá supervisar as programacións, para posteriormente poñelas no estado “Entregada a inspección educativa”.
 - cambio de profesorado non debe implicar unha nova programación senón que todo profesor/a que se incorpore a un departamento debe adaptarse á programación vixente.
 - Se algún profesor/a decidira incluír na programación da súa actividade docente algunha variación con respecto á programación inicial, esta variación e a xustificación correspondente, incluírse no seguimento da programación didáctica a través da aplicación informática PROENS, informando ao

alumnado, sempre que así o acorde o departamento didáctico ou, en último caso, a comisión de coordinación pedagóxica.

As programacións didácticas constarán dos seguintes apartados:

1. *Introdución.*
2. *Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.*
 - 3.1. *Relación de unidades didácticas.*
 - 3.2. *Distribución currículo nas unidades didácticas.*
 - 3.3. *Avaliación das unidades didácticas.*
 - 4.1. *Concrecións metodolóxicas.*
 - 4.2. *Materiais e recursos didácticos.*
 - 5.1. *Procedemento para a avaliación inicial.*
 - 5.2. *Criterios de cualificación e recuperación.*
 - 5.3. *Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.*
 - 5.4. *Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias.*
6. *Medidas de atención á diversidade.*
 - 7.1. *Concreción dos elementos transversais.*
 - 7.2. *Actividades complementarias.*
 - 8.1. *Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro.*
 - 8.2. *Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora.*
9. *Outros apartados.*
 - 10.1. *Distribución CA por UD (por OBX).*
 - 10.2. *Distribución CA por UD (por Bloque).*
 - 10.3. *Orientacións pedagóxicas: Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.*
 - 10.4. *Relación CC con CA por UD.*
 - 10.5. *Distribución CA por UD (por Bloque).*
 - 10.6. *Orientacións pedagóxicas: Liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe.*

O contido dos diferentes apartados deberán respectar o proxecto educativo do centro (PEC) e demais documentos de funcionamento do mesmo.

Ao comezo de cada curso a xefatura de cada departamento velará para que o profesorado das distintas materias asignadas a ese departamento transmita ao alumnado información relativa á programación didáctica. Esta información incluírá como mínimo o seguinte:

- *Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación do curso.*
- *Os criterios ou sistemas de cualificación.*
- *Os procedementos de avaliación da aprendizaxe que se van utilizar.*

Na páxina web do centro deberanse publicar as distintas programacións didácticas.

9.13. Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Ante calquera convocatoria de proxectos ou programas que poidan resultar de interese para o centro, a participación nos mesmos deberá ser aprobada polo Claustro de Profesorado e/ou Consello Escolar, segundo corresponda.

9.14. O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

Na orde do día da última convocatoria da Comisión de Coordinación Pedagóxica de cada curso escolar, tratarase o punto de “*Propostas de mellora do Proxecto Educativo de Centro*”, que supón indirectamente abordar posibles modificacións da concreción curricular.

9.15. Outros apartados

9.15.1. Perda do dereito á avaliación continua. Límites de faltas inxustificadas.

O número máximo de faltas de asistencia quedan fixadas como sigue:

- **E.S.O. e Bacharelato:** O 10% das horas lectivas de cada mes sen xustificar.
- **E.S.A.:** A marxe establecida será:
 - 10% das horas lectivas de cada ámbito sen xustificar.
 - 30% das horas lectivas de todos os ámbitos sen xustificar.

Antes de ter superado o 50% do límite establecido no apartado anterior, a persoa titora informará á familia do alumnado desta situación, e das súas consecuencias. Así mesmo, poñerá en coñecemento da Xefatura de Estudos estes feitos.

No caso da **educación secundaria obrigatoria (ESO)**, cando a persoa titora do alumnado comprobe que o número máximo de faltas sen xustificar foi superado, procederase ao inicio dun expediente de absentismo.

Cando o **alumnado de Bacharelato ou E.S.A.** supere estes límites considerarase que resulta imposible a aplicación da avaliación continua, o que suporá na práctica a perda dese dereito na materia correspondente, de modo que será avaliado mediante unha única proba final ordinaria das materias/ámbitos que corresponda. A perda do dereito a avaliación continua non implica a perda do dereito de asistencia as aulas.

Nestas ensinanzas seguirase o seguinte procedemento:

- a) Celebrarase una reunión do departamento didáctico correspondente onde se recollerá en acta o acordo tomado sobre a perda de avaliación continua. A copia da acta será entregada na Xefatura de Estudos para o seu coñecemento.
- b) A decisión tomada da perda do dereito á avaliación continua será comunicada por escrito pola persoa titora ao/á pai/nai/titor-a legal do alumnado, co visto e prace da Xefatura de Estudos.